

**CURSO 2018-2019**

**PROGRAMA  
EDUCATIVO**

**MUSEO DE PONTEVEDRA**

**Gabinete Didáctico**



Desde o Museo de Pontevedra presentamos o programa educativo para este curso 2018 – 2019. Todo un conxunto de visitas dinamizadas que nacen coa vontade de servir de complemento aos contidos de diferentes materias así como de vehículo para o desenvolvemento da sensibilidade, do goce estético e da adquisición de valores culturais e sociais.

# EDUCACIÓN INFANTIL

## pensARTE

Os nenos e nenas realizan unha serie de actividades a partir da observación directa dunha selección de obras de arte contemporánea. Algún dos aspectos que se traballan son: a expresión das emocións a través das cores, as formas xeométricas, o espazo, o desenvolvemento da imaxinación e a exposición oral das ideas.

**Infantil 4 e 5 anos**

Duración 60 minutos

50 alumnos máximo

## Vivindo nas covas

Percorrido nas salas dedicadas á prehistoria de Galicia onde se traballan conceptos moi básicos como a vida nas covas, a caza, a recolleita de froitos, as xoias ... a partir da observación de pezas orixinais e a manipulación de réplicas. A viaxe remata na sala dedicada á vida nos castros.

**Infantil 4 e 5 anos**

Duración 60 minutos

50 alumnos máximo

# EDUCACIÓN PRIMARIA

## Que é un Museo?

Visita participativa que pretende descubrirlles a idea de museo dunha forma sinxela: os seus traballadores, un lugar onde se conserva, se expón, se investiga ... Hai museos moi diferentes e neles podemos atopar: restos arqueolóxicos, pintura, xoias, mobles, louza ...

**1º e 2º Primaria**

Duración 75 minutos

50 alumnos máximo

## Da paleta ao lenzo

Percorrido dinamizado pola pintura que, partindo da observación do instrumental tradicional das e dos pintores e dunha selección de obras, permitiranos coñecer diferentes maneiras de pintar, soportes distintos e temas variados; facendo fincapé nestes xéneros: retrato, paisaxe e bodegón.

**1º e 2º Primaria**

Duración 75 minutos

50 alumnos máximo

## De nómades a sedentarios

Percorrido interactivo polas salas dedicadas á prehistoria e historia antiga de Galicia no que, a partir da observación de pezas orixinais, a proxección dun vídeo e a manipulación de réplicas, coñecerán algúns aspectos como o megalitismo, a vida nos castros ou a aparición da escritura.

**3º 4º Primaria**

Duración 75 minutos

50 alumnos máximo

## O retrato no século XIX

A través deste xénero pictórico, en continua revisión na historia da arte, e coa axuda dun caderno didáctico, descubriremos ... que é un retrato? Quen os encargaba? Por que? Quen os facía? Como? ...

**3º 4º Primaria**

Duración 75 minutos

50 alumnos máximo

# EDUCACIÓN PRIMARIA

## Detectives da arte

Xogo de busca e observación onde os nenos e nenas, a partir dunha selección de artistas galegos, profundan no valor da abstracción, da expresión a través das cores e das texturas, da importancia da visión persoal e única de cada espectador e da evolución dos xéneros e das técnicas.

**3º 4º Primaria**

Duración 75 minutos

50 alumnos máximo

## Seguindo as pegadas

Percorrido con ficha didáctica que permite que os alumnos e alumnas coñezan, a partir dos restos arqueolóxicos, algún dos aspectos máis relevantes do noso pasado: as ferramentas líticas máis antigas de Galicia, importantes pezas de ourivería, petróglifos, obxectos de uso doméstico ou monumentos epigráficos romanos, entre outros.

**5º 6º Primaria**

Duración 90 minutos

50 alumnos máximo

## Meu Castelao

Visita concibida como unha primeira achega á vida e á obra do xenial artista galego. O Castelao caricaturista, pintor, escritor e comprometido coa Galicia do seu tempo será presentado dunha forma sinxela a través da observación dos seus debuxos e pinturas orixinais.

**5º 6º Primaria**

Duración 75 minutos

25 alumnos máximo

# EDUCACIÓN PRIMARIA

## Música na arte I

Percorrido con ficha didáctica no que a música e a súa representación na arte son o fío condutor. A partir dunha selección de obras pictóricas nas que partituras, instrumentos e intérpretes aparecen como protagonistas da composición, os nenos e nenas coñecerán aspectos básicos vinculados coa educación musical e coa pintura.

**5º 6º Primaria**

Duración 75 minutos

50 alumnos máximo

## Trazos da arte contemporánea

Actividade de busca que pretende invitar a crear, sentir e gozar a arte dunha maneira diferente á tradicional. O alumnado coñecerá algunhas das características novas da arte do século XX e XXI: a subxectividade e expresividade das cores, das formas, da abstracción ... familiarizándose con movementos como o cubismo ou o surrealismo.

**5º 6º Primaria**

Duración 90 minutos

50 alumnos máximo

## Un bestiario nas pedras

A través da idea dos bestiarios e da historia das Ruínas de San Domingos, introdúcese ao alumnado no mundo da Idade Media. Os nenos e nenas terán que buscar algúns dos animais reais e fantásticos que aparecen representados nos capiteis góticos, o que servirá de fío para coñecer outros aspectos da vida e do pensamento da sociedade do medievo.

**5º 6º Primaria**

Duración 75 minutos

25 alumnos máximo

No 3º trimestre do curso

## Do Paleolítico á Romanización

Percorrido polas salas dedicadas á prehistoria e historia antiga de Galicia con apoio de material didáctico. Partindo de vestixios datados no Paleolítico inferior, os rapaces e rapazas irán descubrindo os cambios que foron acontecendo ao longo da prehistoria galega ata chegar ao proceso de romanización.

**1º ESO**

Duración 90 minutos

50 alumnos máximo

## Unha viaxe pola Idade Media

Visita dinamizada na que se propón unha achega á Idade Media a partir da historia da cidade de Pontevedra: a vila amurallada, os estamentos, o urbanismo, a cultura, a arte ...

**2º ESO**

Duración 75 minutos

50 alumnos máximo

## Que hai tras as imaxes?

A partir desta pregunta os alumnos e alumnas atoparán resposta sobre o valor iconográfico das obras de arte doutras épocas. Tamén descubrirán a conexión que moitas delas seguen a manter coas iconas actuais e co seu medio de expresión: por que que portan atributos representativos? Poden darse varias lecturas dunha mesma obra?

**2º e 3º ESO**

Duración 90 minutos

50 alumnos máximo

## Música na arte II

Percorrido con ficha didáctica no que a música e a súa representación na arte son o fío condutor. A partir dunha selección de obras pictóricas nas que partituras, instrumentos e intérpretes aparecen como protagonistas da composición, o alumnado coñecerá aspectos básicos vinculados coa educación musical e coa arte da pintura.

**1º a 3º ESO**

Duración 90 minutos

50 alumnos máximo

# ESO | BACHARELATO

## Castelao

Visita centrada na figura do artista galego do que o Museo de Pontevedra conserva a maior parte da súa produción. Nela comentaranse as numerosas facetas ás que se dedicou este ilustre rianxeiro, como a pintura, o debuxo, o gravado, a literatura ou a política.

### ESO - Bacharelato

Duración 90 minutos

25 alumnos máximo

## Chegaron do leste

Visita na que se fai especial fincapé naqueles aspectos definidores da cultura castrexa que foron mudando no proceso de adaptación á cultura romana: hábitat, administración territorial, lingua, novos produtos, explotacións, relixión, epigrafía...

### ESO - Bacharelato

Duración 75 minutos

25 alumnos máximo

## As Ruínas de San Domingos

Visita con material didáctico pola historia e a arte do antigo convento dominico de Pontevedra, destacado exemplo da arquitectura mendicante galega, do que se conserva a cabeceira de cinco ábsidas, permitindo unha achega á historia e á arte medieval.

### ESO - Bacharelato

Duración 90 minutos

25 alumnos máximo

No 3º trimestre do curso

## Percorridos xerais

Ademais das visitas temáticas ofrecémosvos diversos percorridos guiados pola colección do museo que permiten unha achega ao concepto xeral de museo e sobre todo á arte galega. Neles conxúganse diferentes tipos de fondos: arqueolóxicos, de artes decorativas, pintura, escultura...

### ESO - Bacharelato

Duración 75/90 minutos

50 alumnos máximo



# INFORMACIÓN E NORMAS PARA A VISITA

- O acceso ao Museo de Pontevedra e os servizos prestados polo Gabinete Didáctico son de balde.
- Para concertar a visita é preciso contactar co Gabinete Didáctico, cunha marxe mínima de 24 horas, en:
  - [gabinetedidactico.museo@depo.es](mailto:gabinetedidactico.museo@depo.es)
  - 986 804 100 ext. 42413 (de luns a venres de 8:30h a 14:30h)
- Para facer a reserva deberán indicarse os seguintes datos:
  - Nome do centro.
  - Data e hora solicitada.
  - Modalidade de visita.
  - Número de alumnos e alumnas.
  - Nome e teléfono de contacto do profesor ou profesora responsable.
- Durante o tempo da visita é obrigatorio que estea sempre presente un profesor ou profesora por grupo.
- Para acceder ao Museo de Pontevedra é preciso deixar nos carros habilitados para este uso:
  - Mochilas.
  - Bolsas.
  - Paraugas.
  - Alimentos e bebidas.
- O profesorado responsable do grupo poderá realizar fotografías durante a visita pero sen flash nin trípode nin pau para selfies. O Museo de Pontevedra non se responsabiliza do uso que se faga desas imaxes.
- Os centro escolares da provincia de Pontevedra poden acollerse ao programa de axudas **Coñece o Museo de Pontevedra**. Máis información no seguinte enlace:  
[www.museo.depo.es/gabinete.didactico/programa\\_conece\\_o\\_museo](http://www.museo.depo.es/gabinete.didactico/programa_conece_o_museo).

